



Ordes, 22 de maio de 2018

Á atención das familias do alumnado de terceiro de Educación Primaria.

Dando cumprimento á *RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18 (DOG de 26 de abril de 2018)*; comunícaselles que os vindeiros **días 23 e 24 de maio** se aplicarán as probas de avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria.

A efectos de garantir o axeitado desenvolvemento da mesma establécese a constitución dunha comisión de coordinación da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria, correspondéndolle á mesma a función de informar á comunidade educativa do centro sobre o sentido e finalidade da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria.

- Esta avaliación individualizada terá carácter censual e aplicarase a todo o alumnado que no curso 2017/18 estea realizando terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A administración educativa proporcionará aos centros docentes os materiais e o soporte informático para que poidan realizar a avaliación individualizada.
- Procurarase que as probas sexan aplicadas por mestres e mestras que impartan docencia aos alumnos e alumnas avaliados en áreas que non sexan lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, e matemáticas. As probas deberán ser corrixiadas e gravadas por mestres e mestras do centro que impartan en educación primaria as áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, ou matemáticas, pero que non impartan docencia aos alumnos e alumnas avaliados.
- O centro educativo recibirá información individualizada de cada alumno e alumna e xeral dos resultados obtidos, para que adopte as medidas necesarias que redunden na mellora do proceso educativo.
- As familias recibirán información sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

☎ 881880886

Correo electrónico: [ceip.campomaio@edu.xunta.es](mailto:ceip.campomaio@edu.xunta.es)  
Travesía de Campomaio s/n  
15680 ORDES (A CORUÑA)

### **Cuestionario de alumnado e familias:**

As familias poderán cubrir o seu cuestionario de contexto en liña ou en papel entre os días

**24 de maio e 1 de xuño.**

- En liña: <https://www.edu.xunta.es/avalia>.

Cada familia recibirá un escrito confidencial coa súa clave de acceso. As familias poderán acceder ao cuestionario para cubri-lo, comprobalo e/ou modificalo. As instrucións para cubri-lo están na primeira páxina do cuestionario.

- En papel: o centro educativo facilitará ás familias o cuestionario de contexto en formato papel. As familias que non o cubri-ran en liña poderán cumprimentalo en formato papel e devolvelo ao centro **ata o día 31 de maio.**

Poden consultar a normativa na páxina web do centro.

A comisión de coordinación da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria.